



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: XVIII Bienal de Pintura Balconadas
EXPEDIENTE: 2026/G003/000984

NOMEAMENTO DE XURADO

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Providencia da concelleira delegada para a incoación do expediente de aprobación das bases.

SEGUNDO. Memoria das bases da XVIII Bienal de pintura balconada, asinada pola concelleira delegada.

TERCEIRO. O 09.06.2026 o concello aprobou as bases que rexen a celebración da XVIII Bienal de Pintura Balconadas de Betanzos, programada para os meses de xullo e agosto do ano 2026 en colaboración coa Fundación Manuel Villuendas Pena

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O Concello de Betanzos ven organizando dende o ano 1986 o Certamen de Pintura ao Aire Libre “Balconadas”. No exercicio 2026 levarase a cabo en colaboración coa Fundación Manuel Villuendas Pena. Obras pictóricas de artistas de diferentes latitudes, contribuirán a engalanar o casco histórico, nun fortísimo contraste plástico entre obras de vangarda, a súas Igrexias góticas, a asusteridade románica, a arquitectura barroca e as súas brancas galerías.

Tendo en conta que esta singular actividade conta cunha importante estima popular e representa unha non menos importante actividade de proxección cultural deste Concello, ao ser internacional. Así, o Concello de Betanzos e a Fundación Manuel Villuendas Pena veñen de coorganizar e programar os actos da XVIII edición da Bienal de Pintura Balconadas, durante os meses de xullo e agosto do 2026.

SEGUNDA. De conformidade co establecido na base quinta de dita convocatoria, o xurado debe ser designado pola alcaldesa de Betanzos e estará composto por distintas personalidades do mundo da arte que non formasen parte do xurado na edición anterior, así como por un membro do persoal do Concello, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto. Así mesmo, cómpre proceder ao nomeamento da dirección da Bienal.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector

Público).





Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear a dirección e aos membros do xurado que actuarán na XVIII Bienal de Pintura ao Aire Libre Balconadas de Betanzos, quedando constituído do seguinte xeito:

Directora da Bienal e Presidenta do xurado:

María Isabel Pintado Palacio, pintora,

Secretario do xurado (con voz pero sen voto):

Daniel Loza Martínez, técnico de Cultura do Concello de Betanzos

Vogais do xurado:

María Emilia Vázquez Rozas, pintora.

Carlos Pereira Martínez, historiador e pintor.

Pedro Bueno Salto, pintor.

Julio Luis García Rivas, pintor.

Sara Pérez Bello, galerista.

SEGUNDO.- Publicar a composición do xurado para xeral coñecemento no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Betanzos (www.betanzos.gal), de acordo co previsto nas bases da convocatoria.

TERCEIRO.- Notificar o presente nomeamento ás persoas interesadas para a súa aceptación e concorrencia á sesión de constitución e fallo do certame, que se desenvolverá conforme ás pautas establecidas.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)
Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector

Público).

CVD: Az599STorRc0CuyYTSPA Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.betanzos.gal/>

